

Nome da parroquia: Loureiro (Santiago)**Código: 07***Delimitación:*

Situada no este do concello, a parroquia de Loureiro limita ao norte coa parroquia da Corredoira, ao noroeste coas parroquias de Carballado e Rebordelo, ao suroeste coa parroquia de Borela, ao sur con Aguasantas, ao sureste con Valongo, ao este co Concello de Lamas e ao nordeste coa parroquia de Caroi.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño pequeno e posúe unha forma alongada, e está orientada de este a oeste.

En canto á topografía, ven definida polo paso do río Alfofrei que corta a parroquia de norte a sur polo centro, e polos montes que o rodean cara o este e o sur. Seguindo o curso do río esténdese un pequeno val de escasa profundidade que se corresponde coa parte máis baixa e horizontal de Loureiro, cunha cota media situada ao redor dos 400 metros de cota. Este val está flanqueado por un conxunto de montes e cotos que alcanzan cotas superiores aos 600 metros.

O río Alfofrei é o curso de auga máis relevante da parroquia e un dos máis importantes do concello. Ao longo do seu percorrido pola parroquia, de norte a sur, recibe auga de varios regos que nacen nos montes que o flanquean, como é o rego de Candeira.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de Santiago de Loureiro está composta por quince núcleos recoñecidos, asentados maioritariamente seguindo o curso do río Alfofrei. Están comunicados por estradas terciarias, de tamaño medio e co pavimento nun estado regular. Pola parte oeste da parroquia atravesa a estrada autonómica secundaria PO-234, dando acceso aos núcleos de O Igrexario e Insuela.

Se nos fixamos no tamaño e no número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que son maioría os lugares de tamaño medio e pequeno como é o caso dos núcleos de O Frade, A Costa ou A Vilalén, sendo os máis pequenos os lugares de Fontevaliño e Ribalta, formados por tres casas tradicionais.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía que serve de acceso ás vivendas e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo, unha camiño con trazado circular ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro, aínda que con matices serían os lugares de A Costa, O Frade, Ribalta, O Batán e Arufe, e do segundo serían O Igrexario e A Chan.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas vadeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

En Loureiro non se ten producido un incremento relevante no número de vivendas. As novas vivendas atópanse nas inmediacións da estrada PO-234 no lugar de O Igrexario e A Insuela, sendo un total de

seis vivendas. Por outra banda, parte dos lugares da parroquia mantéñense inalterados no que a construción de vivendas novas se refire, como son os lugares de Arufe, O Beseiro e O Batán.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores, de tamaño medio e forma rectangular produto da concentración parcelaria, e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de Arufe, O Batán, O Beseiro, O Brixel, A Chan, Chandoído, A Costa, Fontevaliño, A Porteliña e O Pereiral. Ten a clasificación de **núcleo rural común** o lugar de Ribalta. Por último, teñen a clasificación de **núcleo rural complexo** os lugares de Frade, O Igrexario, Insuela, e Vilalén.


Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar o conxunto da reitoral, igrexa parroquial, viacrucis e cruceiro no lugar de O Igrexario, a capela da Virxe das Neves en Ribalta, e a casa nº13 en A Chan. Xunto cos cruceiros e muíños espallados por toda a parroquia.

As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.



NÚCLEO		ARUFE		NÚMERO	07.01	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suave. A orientación principal é a norte.					
	Poboación	0					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.						
	Estado: Acceso estreito e sen asfalto. Vías interiores estreitas de terra alternando por tramos con pedra.						
ESTRUTURA DE PARCELA		En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é bastante baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño e formado por seis vivendas tradicionais situadas separadas entre si. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si conformando un lugar moi disperso e con límites difusos. Actualmente atópase en estado de abandono.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Casas de pedra, xeralmente pedra do país: - Trátanse de vivendas de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. As vivendas tradicionais están en desusos e presentan diferentes estados de abandono.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Os hórreos de pedra, soen ter dous claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e cuberta a dúas augas de lousas de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, nalgún caso, sobre o peche cun estado de conservación aínda q en desuso, bo en xeral.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario
	6		6		-		-
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga		Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	
	non	individual		non	non	non	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	ARUFE	NÚMERO	07.01	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO					
A estrutura e morfoloxía do lugar de Arufe, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo histórico-tradicional.					
					
Fotografía aérea de Arufe.					

NÚCLEO		BATÁN		NÚMERO	07.02	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, con algún tramo horizontal , e a orientación este e sur.					
	Poboación	2					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro e cun equipamento lonxe da agrupación de vivendas.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.						
	Estado: Accesos moi estreitos co asfalto vello e moi deteriorado, e presentando fendas de gran tamaño nalgunhas zonas. Non hai camiños estreitos e os que hai de terra atópanse cheos de maleza.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada próxima o río Almofrei produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por seis vivendas tradicionais entorno a un camiño principal e que se asentan na marxe oeste. O agrupación de vivendas atópase nun estado de abandono . A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, formando un núcleo disperso. Ó estar contiguo o río Almofrei na parte sur do núcleo xurden con actividades relacionadas con éste como varios muíños en estado de ruína. Tamén na zona sur do núcleo sitúase un cemiterio desligado do grupo de vivendas.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Gran parte das vivendas tradicionais están en desuso e presentan diferentes estados de abandono ou ruína.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Os hórreos de pedra, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de pedra, cuberta a dúas augas de lousas de pedra e colocados nos arredores da vivenda e, algunhas veces, sobre o peche. Parte deles atópanse en estado de ruína.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	6		6		-	-	5
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado
	si	individual	non	si	si		si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m²
		Cemiterio parroquial					
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	BATÁN	NÚMERO	07.02	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Batán, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de Batán.

NÚCLEO		O BESEIRO		NÚMERO	07.03	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no norte da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, e a orientación principal noroeste.					
	Poboación	13					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Acceso moi estreitos e con asfalto antigo e con zonas en mal estado. Vías interiores estreitas ou moi estreitas, parte delas sen pavimento e os que o teñen, en moi mal estado.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia, parcelas de tamaño medio e formas irregulares. A ocupación é media, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por sete vivendas tradicionais asentados aos pés dos diferentes rueiros q compoñen o mesmo. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a un asentamento compacto.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais principalmente renovación das cubertas e carpinterías.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cocíña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de pedra, cuberta a dúas augas de lousas de pedra e acceso á cámara por un lateral colocados nos arredores da vivenda e, algunhas veces, estando a metade deles en estado de abandono. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	7	7	-	-	39		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	O BESEIRO	NÚMERO	07.03	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO					
A estrutura e morfoloxía do lugar de O Beseiro, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.					
					
					Fotografía aérea de O Beseiro.

NÚCLEO		O BRIXEL	NÚMERO	07.04	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sueste da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes e a orientación noroeste.				
	Poboación	Sen datos				
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada PO-234.					
	Estado: Acceso estreitos, co asfalto antigo e nun estado deficiente, e con fochas por tramos. Vías interiores estreitas co asfalto antigo.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño moi pequeno formado por tres vivendas tradicionais agrupadas e organizado en torno a un camiño sen saída que remata no lugar. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, formando un núcleo compacto e de límites ben definidos.				
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparece o hórreo. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella e situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e a cuberta a dúas augas. Están colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	6	6	-	-	17	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM						

NÚCLEO	O BRISEL	NÚMERO	07.04	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	----------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de O Brixel, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de O Brixel.

NÚCLEO		A CHAN		NÚMERO	07.05	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no norte da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación norte e oeste.					
	Poboación	20					
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto antigo e que comeza a fallar. Vías interiores estreitas, en xeral con asfalto en mal estado salvo algunhas zonas recén pavimentadas.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é importante, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño medio formado por dúas agrupacións principais de vivendas asentadas ao pé do camiño principal e dous rúeiros próximos, e unha terceira vivenda que se atopa illada ó sueste do núcleo. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles, dando como resultado un núcleo bastante compacto e con límites claros.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular ou en "L" e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, paleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter un ou dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de lousas de pedra ou tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, na metade dos casos atópanse nun estado de abandono ou ruína. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	22		22		-	-	67
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
		Fonte-Lavadoiro					
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Fonte-Lavadoiro					
		Casa número 13					

NÚCLEO	A CHAN	NÚMERO	07.05	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	--------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Chan, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de A Chan.

NÚCLEO		CHANDOÍDO		NÚMERO	07.06	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no centro cara o sueste e da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación oeste.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas e con asfalto antigo en xeral.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e de gran tamaño e forma irregular. A ocupación é alta, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño moi pequeno formado por catro vivendas agrupadas, dúas delas forman medianiles, e asentado ao pé dun camiño. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e moi próximas entre si, configurando un lugar compacto e cos límites claros.					
	Núcleo recente	Non hai vivendas de nova construción neste lugar, sen embargo si aparecen alpendres e construcións auxiliares novas.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular ou en "L" e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cocíña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, paleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono ou ruína.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, teñen dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con pedra e tella e acceso á cámara normalmente por un costal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	20	20		-	-	37	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cruceiro de Chandoído					

NÚCLEO	CHANDOÍDO	NÚMERO	07.06	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-----------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Chandoído, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de Chandoído.

NÚCLEO		COSTA		NÚMERO		07.07		PARROQUIA		LOUREIRO (SANTIAGO)			
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL													
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no este e cara o norte da parroquia.											
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e orientación principal oeste.											
	Poboación	6											
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío claro.											
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.												
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto en mal estado. Vías interiores estreitas ou moi estreitas e co asfalto en moi mal estado. Tramos sen pavimentar.												
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio con forma irregular, de tamaño medio con forma rectangular produto da concentración parcelaria e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.												
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por once vivendas tradicionais organizadas en dous asentamentos situados ao pé dun camiño sen pavimentar que os une. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas unhas das outras, dando lugar a un asentamento disperso e cos límites difusos.											
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa unha parcela valeira no núcleo cunha vivenda nova. Neste lugar estase a construír unha vivenda nova.											
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivenda nova ten planta cadrada e está construída con sistemas construtivos e materiais actuais.												
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra e colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación variable. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.												
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario		Outras				
	10		10		-		-		25				
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo		Acceso rodado			
	si	Veciñal / individual		si		si		si		si			
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:									SUP: m²		
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM													

NÚCLEO	COSTA	NÚMERO	07.07	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Costa, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de Costa.

NÚCLEO		FONTEVALIÑO		NÚMERO	07.08	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL								
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sueste da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación noroeste.						
	Poboación	Sen datos						
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.							
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores formadas pola vía de acceso.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, coas construcións próximas aos camiños. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral que a de nova construción, cun esquema máis aberto e disperso.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño moi pequeno formado por dúas vivendas pegadas formando medianiles, e asentado ao pé dun camiño. A edificación e as construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños e moi próximas entre si, configurando un lugar compacto e cos límites claros.						
	Núcleo recente	Aparece unha vivenda de nova construción que ocupa unha parcela valeira na periferia do núcleo, na parte suroeste.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular, de escasa altura total, planta baixa e un andar, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. As dúas vivendas tradicionais están en uso. A vivenda nova ten planta rectangular, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. O hórreo, tamén de pedra e madeira, ten dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousas de pedra, colocados nos arredores da vivenda e presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario	Outras
	4		3		1		-	5
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación						SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cruceiro de Fontevaliño						

NÚCLEO	FONTEVALIÑO	NÚMERO	07.08	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Fontevaliño, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de Fontevaliño.

NÚCLEO		FRADE		NÚMERO	07.09	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sueste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas ou fortes e a orientación noroeste.					
	Poboación	36					
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Acceso moi estreito e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas e, por tramos, co asfalto en mal estado e con fochas.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio con forma irregular e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño mediano formado por un asentamento principal compacto, varios rueiros a pouca distancia e cara o nordeste, e varias vivendas illadas. O núcleo está asentado ao pé dun camiño principal e varios ramais que dan acceso aos rueiros e ás vivendas illadas. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles. En conxunto o núcleo resulta disperso e con límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra na que unha vivenda con construcións auxiliares novas ocupa unha parcela valeira no núcleo.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparecen alpendres, que poden compartir a cuberta coa vivenda, pozos e hórreos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A vivenda nova ten planta rectangular, baixo e un andar con escaleiras no exterior, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousas de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	39		38		1	-	85
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Muíño					

NÚCLEO	FRADE	NÚMERO	07.09	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Frade, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo complexo.



Fotografía aérea de Frade.

NÚCLEO		O IGREXARIO		NÚMERO	07.10	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación leste.					
	Poboación	30					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-234.						
	Estado: Accesos de tamaño medio e con asfalto nun estado bo. Vías interiores estreitas con asfalto e formigón en moi mal estado en xeral.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno e forma irregular no núcleo. Na periferia, varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e máis as de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano tamaño formado por unha agrupación moi compacta de vivendas cunha prolongación cara o suroeste e asentado ao pé dun camiño principal e varios secundarios formando mazás na zona central. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e moi preto unhas das outras, chegando a formar medianiles, configurando un lugar moi compacto e cos límites ben definidos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras na periferia con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai dúas vivendas novas cara o nordeste do núcleo.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular ou en "L" e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, paleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, as demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas teñen planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns ou escaleiras, cuberta a dúas augas e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con lousas de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	32		29		3	-	90
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
		Área recreativa					
		Igrexa parroquial de Santiago de Loureiro					
		Palco do campo da festa					
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Casa reitoral de Santiago de Loureiro					
		Cruceiro do campo da festa					
		Cruceiro do Gorgullón					
		Cruceiro de O Igrexario					
		Cruceiro na estrada de O Igrexario					
		Igrexa parroquial de Santiago de Loureiro					
		Viacrucis do adro					
	Pombal						

NÚCLEO	O IGREXARIO	NÚMERO	07.10	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de O Igrexario, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de O Igrexario.

NÚCLEO		INSUELA		NÚMERO		07.11		PARROQUIA		LOUREIRO (SANTIAGO)		
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL												
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.										
	Topografía	Pendentes que van dende suaves a fortes e predominio da orientación este.										
	Poboación	23										
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.										
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-234.											
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto en moi bo estado. Vías interiores estreitas con tramos amplos e con asfalto antigo e deteriorado por tramos.											
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.											
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por dous asentamentos principais compactos e de pequeno tamaño, asentados un a cada lado da estrada PO-234 e ao pé de camiños que parte desta, e varias vivendas espalladas ao redor. As vivendas e construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas unhas a outras nos asentamentos, conformando en conxunto un núcleo pouco compacto, pero cos límites claros.										
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras na periferia con vivendas e construcións auxiliares novas.										
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular ou en "L", ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas teñen planta rectangular, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.											
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.											
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario		Outras			
	19		18		1		-		66			
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade		Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo		Acceso rodado	
	si		veciñal		non		si		si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación									SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM												

NÚCLEO	INSUELA	NÚMERO	07.11	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Insuela, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de Insuela.

NÚCLEO		A PORTELIÑA		NÚMERO	07.12	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no centro cara o sueste e da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e as orientacións este e oeste.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas e sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e de gran tamaño e forma irregular. A ocupación é moderada, coas construcións separadas do camiño de acceso ao lugar e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño moi pequeno formado por tres vivendas agrupadas, dúas delas forman medianiles, e asentado ao pé dun camiño. A edificación e as construcións auxiliares sitúanse recuadas dos camiños e próximas entre si, configurando un lugar compacto e cos límites claros.					
	Núcleo recente	Non hai vivendas de nova construción neste lugar, sen embargo si aparecen alpendres e construcións auxiliares novas.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular ou en "L", desenvolvemento vertical relevante, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Unha das vivendas tradicionais está en uso, aínda que sufriu algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, teñen dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais pedra, cuberta a dúas augas con pedra e tella e acceso á cámara normalmente por un costal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	1	1	-	1	5		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cruz de A Porteliña					

NÚCLEO	A PORTELIÑA	NÚMERO	07.12	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Porteliña, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de A Porteliña.

NÚCLEO		O PEREIRAL		NÚMERO	07.13	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no centro cara o este da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas e orientación no norte do núcleo ó oeste e no sur do mesmo cara ó sureste.					
	Poboación	13					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso en xeral.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Accesos estreitos co asfalto vello e deteriorado e con fendas por zonas. Vías interiores estreitas e, con zonas amplas e con asfalto en mal estado en xeral.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio con forma irregular, de tamaño medio con forma rectangular produto da concentración parcelaria e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño organizado en torno a un camiño principal no que as vivendas se asentan na súa maioría na marxe noroeste e a igrexa parroquial. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si e formando medianeiras, constituíndo un núcleo compacto e con límites definidos					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra soen ter tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de pedra, cuberta a dúas augas de lousas de pedra, co acceso á cámara por un lateral e colocados nos arredores da vivenda e, algunhas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	6	6	-	-	19		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	Veciñal/ concello	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	O PEREIRAL	NÚMERO	07.13	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	------------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de O Pereiral, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de O Pereiral.

NÚCLEO		RIBALTA		NÚMERO	07.14	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)		
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL									
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no centro da parroquia.							
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación oeste.							
	Poboación	7							
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.							
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.								
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. As vías interiores son a propia estrada de acceso.								
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e a de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.								
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por cinco vivendas tradicionais e unha capela e asentado ao longo dun camiño, no que as vivendas e construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas unhas das outras conformando un núcleo alongado e disperso, pero cos límites claros.							
	Núcleo recente	O crecemento deste lugar consiste na construción dunha vivenda e un alpendre novos situadas nunha parcela valeira no núcleo tradicional e a casa da vila no sueste.							
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A vivenda nova ten planta cadrada, baixo e dous andares, cuberta a catro augas con tella, balcóns, fachada de perpiaño e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.								
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con lousas de pedra e colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.								
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario	Outras	
	4		3		1		-	8	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal		si		si		si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación							SUP: m²
		Casa da Vila							
		Ermida das Neves							
		Palco							
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM									
		Ermida das Neves							
		Cruceiro de Ribalta							

NÚCLEO	RIBALTA	NÚMERO	07.14	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Ribalta, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de Ribalta.

NÚCLEO		VILALÉN		NÚMERO	07.15	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sueste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación noroeste.					
	Poboación	22					
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Accesos estreitos, co asfalto antigo nun estado moi deteriorado e con fochas por tramos. Vías interiores estreitas con zonas amplas e con asfalto en mal estado en xeral. Tramos sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada, coas construcións próximas aos camiños en xeral e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e a de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por un asentamento principal compacto e un rueiro cara o nordeste, asentado ao longo dun camiño principal que conecta ambos asentamentos e un secundario que dá acceso a unha vivenda illada e que provoca a formación de mazás no núcleo principal. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si, dando como resultado un lugar compacto, pero en conxunto disperso e cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e a outra na que se construíu unha vivenda nova nunha parcela valeira no núcleo tradicional.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A vivenda nova ten planta cadrada, baixo e un andar, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousas de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario
	25		23		2		-
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si		si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Peto ánimas de Vilalén					

NÚCLEO	VILALÉN	NÚMERO	07.15	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Vilalén, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de Vilalén.

Nome da parroquia: Rebordelo (San Martiño)**Código: 08***Delimitación:*

Situada no centro do concello, a parroquia de Rebordelo limita ao norte coa parroquia de San Miguel de Carballido, ao leste con Santiago de Loureiro, ao sur con San Martiño de Borela e ao oeste con Santiago de Viascón.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño pequeno, das máis pequenas do concello e posúe unha forma alongada, asimilable a un rectángulo, e está orientada de este a oeste.

En canto á topografía, ven definida polo paso do río Almofrei que corta a parroquia de norte a sur polo centro e polos montes que o rodean cara o noroeste e o sueste. Seguindo o curso do río esténdese un pequeno val de escasa profundidade que se corresponde coa parte máis baixa e horizontal de Rebordelo, cunha cota media situada ao redor dos 350 metros de cota. Este val está flanqueado por un conxunto de montes e cotos que alcanzan cotas superiores aos 500 metros. Pola parte noroeste destacan o Coto Carballo, 547 metros, e Os Cogordos, 542 metros. Cara o sueste as puntos máis altos sitúanse na zona de As Cornas que alcanzan cotas superiores aos 560 metros.

O río Almofrei é o curso de auga máis relevante da parroquia e un dos máis importantes do concello. Ao longo do se percorrido pola parroquia, de norte a sur, recibe auga de varios regos que nacen nos montes que o flanquean, como son o rego Duxe ou o Regueiro das Brañiñas.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Martiño de Rebordelo está composta por dez núcleos recoñecidos, asentados maioritariamente seguindo o curso do río Almofrei e tamén na parte norte e nordeste da parroquia. Están comunicados pola estrada PO-233, de tamaño medio e co pavimento en bo estado, e por un ramal desta, de tamaño pequeno-medioano e co firme en bo estado, que parte dos lugares de O Pozo Negro e As Lagoas, vai conectando gran parte dos lugares da parroquia, O Facho, O Quinteiro de Abaixo, O Quinteiro de Arriba, Os Lourenzos, Os Martices e O Soutolongo, para rematar de novo na estrada PO-233, xa na parroquia veciña de Carballido. Desta estrada parten pequenos camiños, estreitos e cun piso antigo en xeral, que comunican cos lugares máis afastados. Caso especial é o de O Sabugueiro, deshabitado dende hai moitos anos, non ten, e semella que nunca tivo, acceso rodado moderno.

Se nos fixamos no tamaño e no número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que son maioría os lugares pequenos ou moi pequenos como é o caso dos núcleos de O Facho, Os Lourenzos, O Quinteiro de Abaixo, O Quinteiro de Arriba e O Salgueiro, sendo os máis pequenos os lugares de O Sabugueiro e O Soutolongo, formados por dúas e tres casas tradicionais respectivamente.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía que serve de acceso ás vivendas e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo, unha camiño con trazado circular ou

simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro, aínda que con matices serían os lugares de O Facho, As Lagoas, Os Marties, O Quinteiro de Arriba e O Salgueiro, e do segundo serían Os Lourenzos, O Pozo Negro e O Quinteiro de Abaixo. Casos especiais son os lugares de O Sabugueiro e O Soutolongo por estaren formados por dúas e tres vivendas tradicionais respectivamente, no primeiro caso máis próximas e no segundo máis separadas.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas vadeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

En Rebordelo non se ten producido un incremento relevante no número de vivendas. No lugar de As Lagoas, concéntrase o maior aumento de vivendas de nova construción da parroquia, cun total de once, chegando a igualar en número ás vivendas tradicionais e representando preto do 50% do total de vivendas modernas construídas na parroquia. Outro lugar que sufriu un aumento significativo no número de vivendas é o núcleo de O Pozo Negro, no que se levantaron seis vivendas modernas, principalmente na parte leste do lugar. Por outra banda, parte dos lugares da parroquia mantéñense inalterados no que a construción de vivendas novas se refire, como son os lugares de Os Lourenzos, Os Marties, O Sabugueiro ou O Soutolongo.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores, de tamaño medio e forma rectangular produto da concentración parcelaria, e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de Os Lourenzos, Os Marties, Quinteiro de Abaixo, Quinteiro de Arriba, O Sabugueiro e Soutolongo. Teñen a clasificación de **núcleo rural común** os lugares de O Facho e As Lagoas. Por último, teñen a clasificación de **núcleo rural complexo** os lugares de O Pozo Negro e Os Salgueiros.

Tipoloxía dos edificios


Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:


- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas

mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

